# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CEIP DE SESTELO BAIÓN

CURSO: 2019/2020

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 08:10-2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 08-10-2019

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 14-10-2019

# Táboa de contido

1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO ....... 9

2.CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE ....... 10

O PE renovouse o día 11 de xuño de 2019 sen ningunha modificación salientable. ....... 10

3.ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE ....... 10

4.CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA ....... 17

5.PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO ....... 23

A.CLAUSTRO ....... 23

B.CONSELLO ESCOLAR ....... 24

C.CCP ....... 24

6.PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS ....... 24

7.XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO ....... 25

8.QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS ....... 25

9. PROGRAMAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO ....... 26

10.LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO ....... 27

11.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO ....... 28

12.PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ....... 32

13.PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE ....... 33

14.HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO ....... 34

15.PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA ....... 34

16.PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR ....... 35

17.REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ....... 35

18.PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO ....... 36

19.PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA ....... 37

20.MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN ....... 38

21.PLAN ANUAL DE LECTURA ....... 38

22.PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL ....... 39

23.PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES ....... 42

24.PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL ....... 43

25.PLAN ABALAR/EDIXGAL ....... 48

26.PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE ....... 48

27.1.Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil .................. 49

27.2.Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega ...................................... 50

27.3.Actividades que se van a desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega........................................................................................... 62

28.PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL ............................ 66

28.1.Constitución do DO ..................................................................................................... 66

28.2.Análise da situación de partida e valoración das necesidades con relación ao tipo de alumnado e á oferta educativa do centro................................................................... 67

29.3. Proposta de Medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recurso existententes no centro

28.4.Concreción do cronograma de actuación que figura no anexo do documento Plan de Atención á diversidade e calendario de reunións mensuais de seguimento de alumnado .... 72

29.PLURILINGÜISMO ......................................................................................................... 73

30.PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL.................................................... 73

31.AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS ......................................................................... 74

31.1.Comisións para o desenvolvemento das mesmas ....................................................... 74

31.2.Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacións individualizadas75

31.3.Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados obtidos nas mesmas .......................................................................................................... 76

32.PLAN PROXECTA.......................................................................................................... 76

33. PLAN DE IGUALDADE………………………………………………………..…77

35.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO ......................................................... 77

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

| **Obxectivo:** Fomentar a relación entre todos os sectores da comunidade educativa animando á participación activa e o compromiso compartido de traballar a favor do proxecto común e implicar ás nais e país no proceso educativo dos seus fillos. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Obradoiros abertos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º TX** |
| **Indicador** | Aumento da colaboración e implicación dos pais e nais | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Dependencias do centro, material funxible e non funxible aportado polas familias e polo propio centro. | | |
| **Acción 2** | As familias na escola. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Colaboración de pais e nais en charlas e contacontos | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado e algunhas familias | | |
| **Recursos e materiais** | Dependencias do centro, material aportado polas familias e polo propio centro. | | |
| **Acción 3** | Titorías | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Aumento da frecuencia de intercambio de información co titor/a | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado es as familias | | |
| **Recursos e materiais** | Instalacións do centro. | | |

| **Obxectivo:** Dinamizar a biblioteca escolar orientando o seu uso cara un centro de recursos e información integrado na práctica educativa diaria desenvolvendo o PLAMBE | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Seguir co acondicionamento dunha biblioteca nova | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T** X |
| **Indicador** | Aumento no uso da biblioteca como fonte de información e lecer por parte do alumnado e do resto da comunidade educativa | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado xunto coa participación da comunidade educativa | | |
| **Recursos e materiais** | Dotacións específicas do PLAMBE | | |

| **Obxectivo:** Promover o uso das novas tecnoloxías como recurso para a práctica educativa e como ferramenta de aprendizaxe. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Seguir coa participación no programa de iniciación á robótica | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T** X |
| **Indicador** | Manexos dos robots dos centro | | |

| | |
|---|---|
| **Responsables** | Profesorado de 4º, 5º e 6º e máis os membros do equipo TIC |
| **Recursos e materiais** | Robots, tabletas, portátiles, proxectores, pizarras interactivas e ordenadores. Outro material para crear circuitos. |

| **Obxectivo:** Favorecer unha escola inclusiva. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Apoios e reforzos nas aulas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T** X |
| **Indicador** | Avaliacións positivas do alumnado | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Material impreso e dixital e sobre todo o recurso humano. | | |
| **Acción 2** | Apadriñamentos. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T** X | **3º T X** |
| **Indicador** | Participación de todo o alumnado en todas as actividades de centro. | | |
| **Responsables** | O propio alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Dependencias do centro. | | |

## 2. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE

O PE renovouse o día 11 de xuño de 2019 sen ningunha modificación salientable.

## 3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

| EDUCACIÓN INFANTIL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Curso | Grupo | Nº alumnos | Nº flexibilización | Nº alumnos con NEAE |
| 3 -4 ANOS | | 15 | | |
| 4-5 ANOS | | 15 | 1 | 1 |

| EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Curso | Grupo | Nº alumnos | Nº repetidores | Nº alumnos con NEAE |
| 1º | | 6 | | |
| 2º | | 15 | 1 | |
| 3º | | 15 | | |
| 4º | | 20 | | 2 |
| 5º | | 12 | | 2 |
| 6º | | 12 | | |

Segundo o **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, a orientación enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno e acaba ao finalizar as ensinanzas non universitarias.

Abarca a toda a poboación escolar calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino – aprendizaxe, e á toma de decisións respecto á modalidade académica e profesional.

Partimos da ***consideración da Orientación e Acción Titorial*** como actividades educativas, integradas como uns elementos máis do currículo, co fin de optimizar o rendemento do proceso de ensino - aprendizaxe mediante o asesoramento a toda a comunidade educativa de cara a mellorar a calidade do ensino, posibilitando o desenvolvemento integral de todo o alumnado.

O proceso de orientación educativa baséase no carácter personalizado da educación, que se desdobra en dous:

− Principio de individualización: edúcase a persoas concretas, interesa o individuo e as súas características propias.

− Principio de integración: edúcase á persoa completa, integrando os distintos ámbitos de desenvolvemento e as correspondentes liñas educativas.

Os ***principios xerais*** nos que se fundamentará a nosa actividade orientadora:

**- De prevención** de situacións problemáticas; polo que se debe intervir antes.

**- De planificación**, imprescindible para evitar a improvisación e para lograr os fins propostos.

**- De cooperación** entre todos os axentes que interveñen no proceso educativo.

**- De sistematización**, considerando non sóao alumno/a de forma individual, senón tamén aos problemas ou necesidades que poidan xurdir dos diferentes ámbitos nos que está inmerso o alumno/a: social, escolar e familiar.

**- De desenvolvemento persoal**, destinado a conseguir o desenvolvemento integral da persoa.

Debemos ter en conta á hora de levar a cabo a nosa intervención educativa, unha serie de estratexias metodolóxicas que van mellorar a calidade da educación. Así debemos partir

dunha avaliación inicial (O. 9 xuño de 2016) que nos vai a aportar a información necesaria para establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a, que será a base da que debemos partir para a construción de novas aprendizaxes. Tamén deberemos ter en conta os seus intereses e motivacións, para acadar un maior grao de implicación do traballo diario.

Con respecto ás actividades partiremos do que o alumno sabe facer, do seu nivel de competencia curricular, para pasar de xeito progresivo a actividades máis complexas. Procurarase que sexan curtas e variadas.

Consideramos de gran importancia partir da propia experiencia do alumno, de actividades vivenciadas, a que lle sexan funcionais para o seu desenvolvemento no entorno. Debemos planificar actividades que sexan motivadoras e lúdicas, procurando e liminar ou minimizar na medida do posible os elementos distractores para facilitar a atención nas actividades propostas.

A metodoloxía deberá basearse na experimentación e nunha aprendizaxe por descubrimento.

Debemos proporcionar un clima de confianza e seguridade ao neno. Desenvolver a autoestima e o autoconcepto dos nenos, poñendo en práctica unha pedagoxía do éxito mediante o reforzamento positivo, a valoración das capacidades persoais e o desenvolvemento da capacidade de reflexión.

Prestar especial atención ós aspectos relacionados coa motivación para comunicarse e interaccionar, empregando reforzadores naturais, significativamente relacionados coa resposta comunicativa.

Debemos sempre ter en conta, que a organización das sesións de traballo sufrirá as modificacións que se consideren axeitadas, en función da evolución da intervención, e da detección de novas necesidades ó longo do curso.

Ademais, é básico establecer unha coordinación estreita coas familias, profesores-titores, orientadora e, nos casos nos que sexa oportuno, coas especialistas de Pedagoxía Terapéutica e /ou Audición e Linguaxe.

Buscarase da participación de toda a comunidade educativa a través de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, traballo por proxectos, etc (D.229/2011).

*Estratexias organizativas e de planificación.*

Para levar a cabo as estratexias metodolóxicas, debemos de organizar e planificar a atención que van recibir os nosos alumnos, para que isto sexa posible, teremos en conta unha serie de criterios.

Polo tanto, as mestras de Pedagoxía Terapéutica e a de Audición e Linguaxe traballarán preferentemente dentro da aula ordinaria, dando apoio ao alumnado con ou sen adaptación curricular individualizada, nas áreas instrumentais básicas. O apoio poderá prestarse a grupos reducidos ou de xeito individual para traballar tanto dificultades de aprendizaxe, como habilidades sociais, potenciar a autoestima, técnicas de estudio, así como distintos problemas de linguaxe.

En canto ás Adaptacións Curriculares, a decisión de levalas a cabo será despois de valorar os resultados da avaliación inicial (O. 9 xuño 2016 de avaliación) e comezaranse a aplicar previa avaliación psicopedagóxica, onde se contemplarán as competencias curriculares do alumno/a para así determinar a resposta educativa individualizada mais axeitada. Estas adaptacións serán elaboradas polo profesorado de cada área, co asesoramento do Departamento de Orientación. Determinaranse os criterios para establecer en que áreas recibirán apoio na aula ordinaria coseu grupo ou fóra, na aula de apoio (non superando nunca 1/3 da xornada escolar). O traballo dentro da aula ordinaria farase posibilitando na medida do posible a participación deste alumnado nas tarefas do grupo.

▪ ***Estratexias referidas ao alumnado:***

- Avaliación inicial do alumnado (ingreso en E.I.; Inicio da Primaria a petición dos titores, remate de cada curso sendo solicitado polo titor) con NEE.

- Integración dos novos alumnos ao centro (programa de acollida dos nenos de tres anos e os que se incorporan doutros centros).

- Detección, avaliación, seguimento e atención das NEAE

- Fomento de actividades para mellorar a convivencia dentro do centro.

-Fomento e desenvolvemento de actividades empregando as novas tecnoloxías (emprego do ordenador, pizarras dixitais e tabletas).

- Fomento e desenvolvemento de actividades dentro do plan de acción titorial.

- Facilitar a participación do orientador co IES para dar a coñecer a E.S.O. ao alumnado que remata Primaria e informar das n.e.e. do alumnado que pasa a E.S.O.

- Deseño de actividades para mellorar a convivencia escolar.

▪ ***Estratexias referidas ao profesorado***

- Mellorar a acción titorial: fomentando o intercambio de información entre os titores.

-Establecer canles de comunicación e reunións con pais dos nosos alumnos.

- Detectar e prever condutas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe asesorándose en casos necesarios.

- Informar ao profesorado titor e especialista que actúa na aula de aspectos tales como: avaliación inicial do alumnado, alumnado con NEE, metodoloxías aplicadas...

- Fomentar unha maior comunicación coas familias dos alumnos: Follas informativas con contidos diversos. Colaborar co titor da aula ordinaria no reforzo educativo coordinándose nas diferentes actividades. Marcar reunións periódicas.

- Fomentar a interese do profesorado pola aplicación e o emprego das novas tecnoloxías (ordenador e pantalla táctil, web dinámicas, APPs educativas, tabletas, uso responsable das novas tecnoloxías).

- Traballar para a mellora da calidade das programacións didácticas escolares.

• ***Xestión dos apoios:***

A distribución de apoios a realizar polos especialistas de PT e AL no centro terán como referente as necesidades detectadas na **avaliación inicial** realizada e estableceranse según as **prioridades** de intervención e os **recursos humanos dispoñibles**. Os apoios teñen un **carácter revisable**, podendo en calquera momento adoptar as medidas oportunas para atender ás necesidades que xurdan. A adopción dos acordos tomados **velarán, en todo caso, polo beneficio do alumnado**.

**Alumnado atendido**

Os alumnos obxecto de apoio por parte das profesoras de PT e AL son alumnos con NEE asociados a minusvalía psíquica, sensorial ou motora, trastornos graves de conduta, TDAH, necesidades asociadas a altas capacidades intelectuais e alumnos con necesidades de reforzo educativo debido a serias dificultades de aprendizaxe, en calquera caso, logo de

Informe de Avaliación Psicopedagóxica da Orientadora.

No curso 2019/2020 cubriranse cos apoios oportunos as necesidades tanto permanentes coma transitorias que presentan os nosos alumnos e alumnas.

A actuación das especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe vai estar centrada en aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, irá dirixida fundamentalmente a desenvolver as ACS, así como o plan de reforzo educativo para os alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe e/ou desfase curricular, ademais das dificultades do ámbito da linguaxe. Prestarase especial atención no reforzo das áreas instrumentais así como en proporcionar aos alumnos aprendizaxes significativas e funcionais que lles permitan o seu desenvolvemento na vida diaria e lles posibiliten una maior autonomía persoal.

O apoio terapéutico proporcionará aos alumnos e alumnas a axuda adicional que requiran ante as súas dificultades, facendo posible a individualización do ensino, respectándose o ritmo e o estilo de aprendizaxe de cada alumno e alumna, a través da realización de traballos dirixidos con pautas ben marcadas.

Mellorar a motivación ante as tarefas de aprendizaxe e conseguir unha forma de traballo máis autónoma e reflexiva son dous puntos importantes que traballar.

Tendo en conta todo iso axustaremos a modalidade de apoio que consideremos máis beneficiosa:

Preferentemente dentro da aula ordinaria, solo se sacarán fóra dela naqueles casos en que o apoio fóra sexa máis beneficioso para o alumnado.

**Apoio individual e grupal.**

Unha ou outra opción elíxese con vistas a ofrecer a resposta máis integradora e optimizadora posible do proceso de ensino-aprendizaxe.

**Avaliación**

En canto ao proceso de avaliación do alumnado, regulada pola O. 6 xuño2016, hai que ter en conta tres momentos:

- Avaliación Inicial ou Diagnóstica.
- Avaliación Continua, Media ou Formativa.

- Avaliación Final ou Sumativa.

*Avaliación Inicial*: Na *Orde do 9 de xuño de 2016*, establécese que o profesorado titor/a é o encargado de realizar una avaliación inicial do alumnado no seu contexto ordinario. Si se detecta algunha anomalía na linguaxe, é cando a xefe do Departamento de Orientación realizará una avaliación máis específica das necesidades educativas que poida presentar o alumnado, segundo a *Orde do 31 de outubro de 1996* que regula a Avaliación Psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con NEE.

*Avaliación Continua*: Realízase durante todo o proceso de intervención, xa que as propias actividades vannos dando información sobre como se está desenvolvendo o proceso de ensino/aprendizaxe. Mediante esta avaliación continua pódese facer una reflexión sobre a práctica docente e modificar, se é preciso, algún aspecto do programa de intervención.

*Avaliación Final*: Esta permítenos comprobar si se alcanzaron os obxectivos establecidos na avaliación inicial, dita avaliación final será a base para a elaboración da Memoria Final de Curso.

***Humanos:*** profesorado do centro, alumnado, propio das familias e medio social (pais, asistente social, educador social e outros especialistas relacionados coa saúde e ensino dos alumnos.

***Materiais:***

PE, Plan de Adaptación e Acollida, Plan de Convivencia, Plan TIC.

Material escolar das diferentes aulas

Bibliografía específica sobre diferentes campos das NEAE.

Expedientes do alumnado e informes varios.

Material de avaliación psicopedagóxica.

Recursos TIC para o ordenador, as pantallas dixitais e as tabletas.

Recursos informáticos para atención das necesidades educativas, alumnado de infantil e primaria.

## 4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

**Distribución do profesorado:**

O equipo docente durante este curso está integrado por un total de 12 mestres/as, xunto a varios mestres/as compartidos con outros centros como é o caso da mestra de relixión, o mestre de Audición e Linguaxe e a orientadora. Actualmente a especialista en lingua estranxeira está no centro a través dunha permuta, e tamén contamos cunha substituta da mestra titula do 4º curso de Educación Infantil. O profesorado distribúese por titorías e especialidades, atendendo ás necesidades do centro da seguinte maneira:

Equipos de ciclo e niveis

Segundo acordo do Claustro celebrado o día 3 de setembro, os equipos quedan conformados da seguinte maneira:

- EDUCACIÓN INFANTIL
  - M.ª Josefa Villadamigo Lede (titora de 4º e 5º de educación infantil)
  - Paula Otero Vázquez (titora 5º e 6º de educación infantil)
  - Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
  - Ramón Canosa Castiñeira (Audición e Linguaxe)
  - Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)
  - Alicia Ferreirós Maneiro (Apoio e psicomotricidade)
  - Mª Esperanza Doval Lago (Apoio e educación artística)
  - Regina Berta Castro Precedo (Pedagoxía Terapéutica)

- EDUCACIÓN PRIMARIA

Primeiro nivel:

- Ana Leis Uriz (titora)
- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística e comparte materias)
- América Ruel Mandayo (reforzo)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (especialista de Educación Física)
- Regina Berta Castro Precedo (Pedagoxía Terapéutica)
- Ramón Canosa Castiñeira (Audición e Linguaxe)
- Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)

Segundo nivel:

- María Elisa Álvarez Barreiro (titora)
- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (Educación Física)
- Regina Berta Castro Precedo (Pedagoxía Terapéutica)
- Ramón Canosa Castiñeira (Audición e Linguaxe)
- Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)

Terceiro nivel:

- Covadonga Martínez López (titora)
- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (especialista de Educación Física)
- Ramón Canosa Castiñeira (Audición e Linguaxe)
- Regina Berta Castro Precedo (Pedagoxía Terapéutica)
- Mª José Molinedo García (Relixión Católica)

Cuarto nivel:

- América Ruel Mandayo (titora)
- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (especialista de Educación Física)
- Regina Berta Castro Precedo (Pedagoxía Terapéutica)
- Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)
- María Elisa Álvarez Barreiro (reforzo)

Quinto nivel:

- Miguel Ángel Janza Martínez (titor)

- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (especialista de Educación Física)
- Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)
- María Elisa Álvarez Barreiro (apoio en aula)

Sexto nivel:

- David Paz Novoa (titor)
- M.ª Esperanza Doval Lago (especialista de Educación Artística)
- Mª Inés Puga Viqueira (especialista de Inglés)
- Alicia Ferreirós Maneiro (especialista de Educación Física)
- Mª José Mollinedo García (Relixión Católica)

Comisión de Coordinación Pedagóxica

De acordo coa lexislación vixente a Comisión de Coordinación Pedagóxica está formada polos seguintes membros:

Miguel Ángel Janza Martínez (director e titor do quinto nivel de educación primaria)

María Elisa Álvarez Barreiro (titora do segundo nivel de educación primaria)

María América Ruel Mandayo (titora do cuarto nivel de educación primaria)

M.ª Josefa Villadamigo Lede (coordinadora de educación infantil)

Ana Leis Uriz (titora do primeiro nivel de educación primaria e coordinadora da biblioteca.)

Covadonga Martínez López (titora de terceiro educación primaria)

David Paz Nóvoa (titor do sexto nivel de educación primaria)

Esperanza Doval Lago (coordinadora de EDLG)

Regina Berta Castro Precedo (especialista de Pedagoxía Terapéutica).

Alicia Ferreirós Maneiro (xefa de estudos)

Asistirán ás xuntanzas as mestras compartidas co CEIP San Bartolomé:

- Mª Dolores Canto Caamaño (orientadora)
- Ramón Canosa Castiñeira (especialista de Audición e Linguaxe)

Equipo de dinamización de lingua galega

O equipo de Dinamización da Lingua Galega está formado polos seguintes mestres:

- M.ª Esperanza Doval Lago (coordinadora).
- David Paz Novoa
- Regina Berta Castro Precedo

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares está formado polos seguintes mestres:

- Regina Berta Castro Precedo (coordinadora)
- Alicia Ferreirós Maneiro
- Paula Otero Vázquez

Equipo de biblioteca

O equipo encargado da Biblioteca está formado polos seguintes mestres:

- Ana Leis Uriz (coordinador).
- María Josefa Villadamigo Lede.
- María América Ruel Mandayo
- Covadonga Martínez López

Equipo de dinamización das TIC

O equipo encargado de xestionar as TIC está formado polos seguintes mestres:

- Mª Inés Puga Viqueira (coordinadora)
- Miguel Ángel Janza Martínez
- María Elisa Álvarez Barreiro

Titorías

As titorías das sete unidades coas que conta o colexio son as seguintes:

- 4º. e 5º de Educación Infantil: M.ª Josefa VilladamigoLede
- 5º. e 6 º de Educación Infantil: Paula Otero Vázquez
- 1º. nivel de E. Primaria: Ana Leis Uriz
- 2º. nivel de E. Primaria: María Elisa Álvarez Barreiro
- 3º. nivel de E. Primaria: Covadonga Martínez López
- 4.º nivel de E. Primaria: María América RuelMandayo
- 5º nivel de E. Primaria: Miguel Ángel Janza Martínez
- 6º nivel de E. Primaria: David Paz Nóvoa

**Tardes dos martes**

Durante as tardes dos martes o profesorado terá un horario para realización de distintas tarefas que será o seguinte:

| | |
|---|---|
| **16:00 a 17:00** | **Titoría de alumnos e/ou responsables** |
| **17:00 a 18:00** | **Reunión de departamentos/equipos** |
| **18:00 a 19:00** | **Outras actividades** |

**Calendario escolar**

**Días lectivos e non lectivos**

Os días lectivos, non lectivos e os períodos de vacacións son os sinalados no calendario escolar publicado na Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A estas datas temos que engadir os días non lectivos propostos en Claustro e en Consello Escolar:

- 15 de xaneiro, San Mauro
- 20 de marzo, cumprindo co establecido no Real Decreto 2001/1983.

Estes días foron solicitados por consenso co resto dos centros do concello a xefatura provincial e están pendentes de autorización.

**Festas e conmemoracións**

Todas as conmemoracións sinaladas no calendario escolar, e que se recollen no seguinte cadro, serán tratadas nas aulas.

| Trimestre | Datas | Celebración |
|---|---|---|
| **1º Trimestre** | **20 de novembro** | Día Universal da Infancia |
| | **25 de novembro** | Día Internacional contra a Violencia de Xénero |
| | **Do 3 ao 10 de decembro** | Conmemoración da Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia |
| | **3 de decembro** | Día Internacional das Persoas con Discapacidade |
| | **10 de decembro** | Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| **2º Trimestre** | **30 de xaneiro** | Día escolar da non Violencia e da Paz |
| | **8 de marzo** | Día Internacional da Muller |
| | **15 de marzo** | Día Mundial dos Dereitos do Consumidor |
| | **Do 11 ao 15 de marzo** | Semana da Prensa. Un día desta semana traballaranse na aula con xornais. |
| **3º Trimestre** | **7 de abril** | Día Mundial da Saúde |
| | **Do 23 ao 26 de abril** | Semana do Libro |
| | **2 de maio** | Día Internacional contra o Acoso Escolar |
| | **9 de maio** | Día de Europa |
| | **Do 13 ao 17 de maio** | Semana das Letras Galegas |
| | **5 de xuño** | Día Mundial do Medio Ambiente |

As conmemoracións, recollidas na táboa que vén a continuación, traballaranse en conxunto todo o centro. Nestas actividades tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado

ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

| CONMEMORACIÓN | DATA DE CELEBRACIÓN | EQUIPO ENCARGADO |
|---|---|---|
| DÍA DA PAZ E DA NO VIOLENCIA | FINAIS DE XANEIRO | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES |
| DÍA INTENACIONAL DA MULLER | 8 DE MARZO | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES<br>DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA<br>BIBLIOTECA |
| SEMANA DO LIBRO | 20-24 DE ABRIL | BIBLIOTECA<br>TICS<br>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES |
| LETRAS GALEGAS | 11-15 DE MAIO | DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA |

## 5. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### A. CLAUSTRO

- **Nº REUNIÓNS E TEMAS A TRATAR**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **REUNIÓN Nº: 1, 2, 3** | **Data: 1º TRIMESTRE** | **Ordinario:** X | **Extraordinario:** X |
| **REUNIÓN Nº: 4** | **Data: 2º TRIMESTRE** | **Ordinario:** X | **Extraordinario:** ☐ |
| **REUNIÓN Nº: 5,6** | **Data: 3º** | **Ordinario:** X | **Extraordinario:** X |

| | TRIMESTRE | | |
|---|---|---|---|
| **Temas a tratar:** | | | |

- Inicio de curso
- Aprobación do Plan de Igualdade e da PXA
- Valoración da solicitude no PROA
- Continuidade no programa de INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA en primaria.
- Informes de dirección
- Memoria de Fin de Curso
- Outros temas que vaian xurdindo

## B. CONSELLO ESCOLAR

- **Nº REUNIÓNS E TEMAS A TRATAR.**
- **Os temas son os temas xerais, non para cada reunión en particular**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **REUNIÓN Nº: 1** | **Data: 1º TRIMESTRE** | **Ordinario:**X | **Extraordinario:** ☐ |
| **REUNIÓN Nº: 2** | **Data: 2º TRIMESTRE** | **Ordinario:**X | **Extraordinario:** ☐ |
| **REUNIÓN Nº: 3** | **Data: 3º TRIMESTRE** | **Ordinario:**X | **Extraordinario:** ☐ |
| **Temas a tratar:** | | | |

- Inicio de curso
- Aprobación do Plan de Igualdade e da PXA
- Informe sobre a participación ou non no PROA
- Continuidade do programa de INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA en primaria.
- Informes de dirección
- Memoria de Fin de Curso
- Outros temas que vaian xurdindo

## C. CCP

| | | | |
|---|---|---|---|
| **REUNIÓN Nº: 1,2,3,4,5** | **Data: 1º TRIMESTRE** | **Ordinario:** X | **Extraordinario: X** |
| **REUNIÓN Nº: 6,7,8** | **Data: 2º TRIMESTRE** | **Ordinario:**X | **Extraordinario:** ☐ |
| **REUNIÓN Nº: 9, 10, 11** | **Data: 3º TRIMESTRE** | **Ordinario:**X | **Extraordinario:** X |
| **Temas a tratar:** | | | |

- Inicio de curso
- Organización pedagóxica
- Análise dos resultados das probas individualizadas de 3º e 6º de educación primaria
- Temas a tratar sobre o proxecto interdisciplinar que parte da biblioteca como parte do PLAMBE.

## 6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS

O equipo directivo leva a cabo unha xuntanza semanal dos seus tres membros os martes de cara a planificar o horario de permanencia da tarde dos martes e as posibles actividades e tarefas tanto educativas como organizativas a desenvolver ao longo da semana.

A dirección e a xefatura de estudos reúnense dúas veces por semana para traballar en conxunto a documentación do centro e outros aspectos organizativos.

A dirección e a secretaría traballan conxuntamente dúas veces por semana.

A xefatura de estudos reúne aos coordinadores dos diferentes equipos unha vez ao mes para coordinar as actividades do centro.

## 7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

O centro conta con plan Madruga xestionado pola ANPA e atendido polo conserxe e unha auxiliar contratada polo Concello en horario de 7:30 a 9:00. Ten un custo de 11 euros por neno/a ao mes e dun euro cando se fai de forma esporádica.

A xornada lectiva desenvólvese en horario continuado de 9:00 a 14:00 horas durante todo o curso.

A biblioteca do centro permanece aberta de 16:00 a 18:00 horas, agás os martes que é a xornada de atención a nais e pais, e tamén de reunións do profesorado e os venres, cando o alumnado asiste a actividades desenvoltas pola ANPA fóra do recinto escolar. A atención aos pais é os martes 16:00 a 17:00 horas.

## 8. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

O recreo ten unha duración de 30 minutos, dende as 11:30 ata as 12:00 horas.

O patio de recreo está dividido en dúas zonas: zona de infantil e zona de primaria. Os nenos de primaria poden moverse ata o patio de educación infantil mentres que o alumnado de educación infantil deberá permanecer no seu patio.

Para cumprir coas ratios establecidas pola normativa vixente e facilitar a vixilancia dos

patio, haberá dous mestres en cada patio. Un mestre máis apoiará aos que están no patio rotando por ambos.

Dous mestres, de forma alterna, farán garda na biblioteca durante todo o recreo para que os nenos poidan facer uso da mesma.

| | Nº DE ALUMNOS | MESTRES DE GARDA |
|---|---|---|
| ZONA DE INFANTIL | 30 | 2 + ATE |
| ZONA DE PRIMARIA | 80 | 2 |

| | **Luns** | **Martes** | **Mércores** | **Xoves** | **Venres** |
|---|---|---|---|---|---|
| **SETEMBRO** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO2** | **GRUPO 1** |
| **OUTUBRO** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** |
| **NOVEMBRO** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO2** | **GRUPO 1** |
| **DECEMBRO** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** |
| **XANEIRO** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO2** | **GRUPO 1** |
| **FEBREIRO** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** |
| **MARZO** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO2** | **GRUPO 1** |
| **ABRIL** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** |
| **MAIO** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO2** | **GRUPO 1** |
| **XUÑO** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** | **GRUPO 1** | **GRUPO 2** |

## 9. PROGRAMAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.

No curso pasado formámonos na dinamización da biblioteca e agora formarémonos na creación dun repositorio de documentos e contidos de centro na aula virtual, para mellorar a xestión do centro.

| **Actividade formativa/programa: PFPP – REPOSITORIO DA DOCUMENTACIÓN DO CENTRO.** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo** | Curso | Grupo Traballo X | Seminario | Xornada | Ponencia | Taller |

| Horas | Temporalización | | |
|---|---|---|---|
| 120 | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| Responsables | PFPP | | |
| Participantes | EQUIPO DIRECTIVO | | |

## 10. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

| E. PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| **1º** | | **ISBN** |
| **MATEMÁTICAS** | MATEMATICAS Saber Hacer Contigo - SANTILLANA | **978-84-680-4354-8** |
| **CC SOCIAIS** | CC SOCIAIS Saber Facer Contigo - SANTILLANA | **978-84-9185-035-9** |
| **CC NATURAIS** | CC NATURAIS Saber Facer Contigo - SANTILLANA | **978-84-9185-037-3** |
| **MÚSICA** | MÚSICA Os camiños do saber - OBRADOIRO SANTILLANA | **978-84-9972-086-9** |
| **2º** | | **ISBN** |
| **MATEMÁTICAS** | MATEMATICAS SH Contigo | **978-84-680-4351-7** |
| **CC SOCIAIS** | CC SOCIAIS Saber Facer Contigo SANTILLANA | **978-84-9185-033-5** |
| **CC NATURAIS** | CC NATURAIS Saber Facer Contigo - SANTILLANA | **978-84-9185-036-6** |
| **L.CASTELLANA** | LENGUA Saber Hacer Contigo - SANTILLANA | **978-84-680-4375-3** |
| **L. GALEGA** | Mochila Lixeira Saber Facer Contigo - SANTILLANA | **978-84-9972-239-9** |
| **MÚSICA** | MÚSICA 2 – OBRADOIRO SANTILLANA | **978-84-9972-089-0** |

| **3º** | **ISBN** | |
|---|---|---|
| **LINGUA GALEGA** | CELME - SM | **978-84-9854-420-6** |
| **MÚSICA** | MÚSICA 3 – OBRADOIRO SANTILLANA | **978-84-9972-139-2** |
| **4º** | | **ISBN** |
| **MATEMÁTICAS** | SAVIA - SM | **978-84-6757-540-8** |
| **LINGUA GALEGA** | SABER FACER - SANTILLANA | **978-84-9972-616-8** |
| **MÚSICA** | MÚSICA 4 – OBRADOIRO SANTILLANA | **978-84-9972-149-1** |
| **5º** | | **ISBN** |

| | | |
|---|---|---|
| **MATEMÁTICAS** | SABER HACER - **SANTILLANA** | **978-84-680-1066-3** |
| **CC SOCIAIS** | CIENCIAS SOCIAIS - **SANTILLANA** | **978-84-9972-933-6** |
| **CC NATURAIS** | CIENCIAS DA NATUREZA - **SANTILLANA** | **978-84-9972-742-4** |
| **L GALEGA** | SABER FACER – SANTILLANA | **978-84-9972-216-0** |
| **L CASTELÁ** | SABER HACER – SANTILLANA | **978-84-680-1057-1** |
| **INGLÉS** | QUEST 5-Activity book pack-**MACMILLAN** | **978-02-3047-871-8** |
| **6º** | | **ISBN** |
| **CC SOCIAIS** | SABER FACER. SANTILLANA | **978-84-9972-440-9** |
| **CC NATURAIS** | SABER FACER. SANTILLANA | **978-84-9972-587-1** |
| **MATEMÁTICAS** | SABER HACER. SANTILLANA | **978-84-680-3033-3** |
| **INGLÉS** | QUEST 6-Activity book pack-**MACMILLAN** | **978-02-304-7872-5** |

# 11. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

Respecto ao requirimento de autorización, información, ratio; terase en conta o establecido no Decreto 374/96 e na Orde 22 de xullo do 97 que o desenvolve.

**Actividades complementarias**

Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse festas tradicionais de forte arraigo na contorna do colexio, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tras as valoracións realizadas o pasado curso 2018/2019 e atendendo as necesidades detectadas no centro, pasamos a detallar as actividades propostas para este presente curso 2019/2020.

Ademais das habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse festas tradicionais de forte arraigo na contorna do colexio, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias

clave.

| ACTIVIDADE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|
| SAMAÍN | 29 AO 31 DE OUTUBRO |
| MAGOSTO | DO 9 AO 16 DE NOVEMBRO |
| FESTIVAL DE INVERNO | 21 DE DECEMBRO |
| ENTROIDO | 1 DE MARZO |
| DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ | 30 DE XANEIRO |
| TALLERES FIN DE CURSO | DO 18 AO 21 DE XUÑO |

Propóñense outras actividades que contribuirán, ademais de ao desenvolvemento das competencias clave, a traballar os temas transversais dunha maneira máis específica. Estas están solicitadas e a espera de ser aprobadas ou postas en marcha

| ACTIVIDADE | DATA | CURSOS PARTICIPANTES |
|---|---|---|
| PROGRAMA FROITAS | | TODO O CENTRO |
| PROGRAMA LEITE NA ESCOLA | 2º E 3º TRIMESTRE | TODO O CENTRO |
| EDUCACIÓN VIAL | 2º E 3º TRIMESTRE | TODO O CENTRO |
| CIRCUITO EDUCACIÓN VIAL | 3º TRIMESTRE | 3º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA |
| NOVAS TECNOLOXÍAS | 2º TRMESTRE | 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA |
| ACOSO ESCOLAR | 2º TRIMESTRE | 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA |

Actividades extraescolares

A biblioteca permanecerá aberta todo os días, agás os martes e os venres, de 16.00 a 18.00 horas, coa atención dun profesor/a.

Os distintos niveis educativos poderán realizar diversas saídas ao longo do curso na localidade ou no entorno próximo.

| Educación infantil: 4º e 5º | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de danza para traballar o concepto de música | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación infantil: 6º | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de danza para traballar o concepto de música | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 1º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de danza para traballar o concepto de música | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 2º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de Maxia para traballar a creatividade | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 3º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de Maxia para traballar a creatividade | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 4º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de Maxia para traballar a creatividade | Eroski | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 5º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de Maxia para traballar a creatividade | | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Educación primaria: 6º Nivel | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| Obradoiro de Maxia para traballar a creatividade | Eroski | |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico.

| Todo o centro | | |
|---|---|---|
| 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre |
| | Día Escolar da non Violencia e da Paz | Actividade de convivencia nun lugar sen determinar |
| | | |

Calquera outra que poida xurdir e que se considere que é de interese pedagóxico engadirase nestas táboas

Ao final do curso farase unha excursión para cada nivel, procurando ir todos xuntos debido ao número de alumnado do centro.

## 12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- **Evacuarase o centro:**
  Cando exista un risco interno que provén do propio Centro como: un incendio, unha explosión, unha ameaza de bomba ou unha fuga de gas ou similares.
- **Como avisaremos:**
  Cando un alumno detecte unha emerxencia avisará a un mestre/a e este avisará ao conserxe do centro que será o encargado de facer soar a alarma e avisará aos bombeiros (112). O mesmo sucederá si a emerxencia a detecta un mestre/a ou persoal non docente. Así mesmo si o conserxe non estivera no Centro ese día fará soar a alarma e avisará aos bombeiros un membro do equipo directivo.
- **Como evacuaremos:**
  Cando escoitemos o sinal de alarma desaloxaremos o centro. As plantas teñen que desaloxar por grupos, empezando primeiro polas plantas máis baixas e

simultaneamente a superior movilizándose cara as escaleiras mais próximas e indicadas na orde de evacuación. Ademais, se houbese fume nas escaleiras non se sairá; se confinarán nas aulas e faranse ver polas fiestras.

- ✓ Na planta baixa encóntrase as dúas aulas de Educación Infantil, o departamento de PT e o salón de actos/comedor. Estas aulas poderán saír ao mesmo tempo na compaña dos mestres/as responsables nese momento.
- ✓ No corredor Sur da primeira planta encóntranse as aulas de 1º, 2º, 3º de Educación Primaria, a aula de Inglés e a aula de Música. Polo que primeiro sairá a aula máis próximas ás escaleiras e as outras sairán sucesivamente. Os alumnos/as sairán de forma ordenada e deberase ter en conta o número de alumnos/as de cada clase para asegurarse que non queda ningún alumno no Centro. Así sairía primeiro a aula de Inglés, 1º, 2º, a aula de música e a aula de 3º.
- ✓ No corredor Norte da primeira planta encóntrase as aulas de biblioteca, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Polo que seguirán a mesma orde citada para a súa saída cumprindo o mesmo protocolo do punto fixado anteriormente.
- ✓ No ximnasio sairán sen ter en conta ningunha orde ao estar comunicado co exterior do patio.

- **Cando se confinará:**

  Encerrarémonos no centro cando haxa riscos externos, que proveñan fora do centro, como por exemplo: unhas inundacións ou unha tromba de auga, unha nevada ou unha xeada, unha tormenta, un accidente químico, un accidente nuclear, un incendio forestal, etc.

- **Responsable de desconectar as instalacións e de abrir e pechar as portas exteriores do edificio:**

  O conserxe do centro e si este non estivera un membro do equipo directivo.

- **Coordinador Xeral da evacuación:**

  O director do centro será o encargado de: decidir as medidas a tomar en cada situación, tela lista actualizada dos alumnos/as por clase e recibila información de todas as clases por se falta algún alumno/a, será informado polos coordinadores/as de planta das incidencias, recibirá e manterá comunicación coas axudas externas estará pendente das instrucións que as autoridades lle vaian proporcionando, será o interlocutor cos bombeiros e a policía e atenderá as chamadas dos pais/nais e avisarás ás familias das persoas afectadas. Se o director no estivera no centro asumirá ditas funcións a xefa de estudos.

- **Coordinadores/as de planta:**

  En cada planta, o coordinador/a será o mestre que se encontre na última aula de cada corredor. Polo que na primeira planta o coordinador/a do corredor Norte será o mestre/titor de 6º, salvo que estes alumnos/as estiveran noutra aula que entón cubrirá as funcións de coordinación o titor do 5º curso de primaria. Facendo referencia ao corredor Sur, o coordinador será a mestra do 3º curso de Educación Primaria, salvo que estes alumnos/as se encontrasen noutra aula xa que entón faría estas funcións o titor/a de 2º curso de Educación Primaria. Xa na planta baixa fará de

coordinador/a a persoa que se encontre de garda.

- **Realización de simulacros:**
  Farase un simulacro anual con fin de coñecer ben o plan, detectar as insuficiencias do edificio, determinar as medidas correctoras e as melloras necesarias e adquirir hábitos de prevención e de autoprotección. Se este simulacro non fora de proveito repetirase nun espazo breve de tempo.

## 13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

No centro traballan, como persoal non docente, as persoas seguintes:

- Conserxe, contratado polo Concello, ademais das labores propias de conserxería, como son a apertura e peche das entradas do centro, reparacións e mantemento diario das instalación e pequenas e continuadas avarías do centro, realización de fotocopias, plastificados, limpezas ocasionais... que realiza en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00. Encárgase tamén do servizo de plan madruga con horario de 7:30 a 9:00 horas xunto con outra encargada.
- Dúas persoas contratadas polo catering, para a atención do servizo de comedor e a limpeza deste e da cociña. O seu horario é de 14:00 a 16:00 horas.
- Unha persoa contratada polo concello para o servizo do comedor de 14:00 a 16:00 horas.
- Dúas persoas contratadas polo concello para o servizo de limpeza, unha de 18:00 a 22:30 e outra de 16:00 a 22:30.
- Unha coidadora contratada polo Consellería para a atención específica a un alumno con NEE en Educación Infantil

## 14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

| HORARIO DE ATENCIÓN A NAIS E PAIS | |
|---|---|
| **DIRECCIÓN** | Luns de 9:00 a 9:50 |
| | Martes de 9:00 a 9:50 |

| | |
|---|---|
| | Venres de 13:15 a 14:00 |
| **SECRETARÍA** | Martes de 9:00 a 9:50 |
| | Xoves de 13:15 a 14:00 |
| **TITORÍAS CON FAMILIAS** | Martes 16:00 a 17:00 |
| **ORIENTACIÓN** | Martes de 9:00 a 9:50<br>Xoves de 9:00 a 9:50 |

## 15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Ao inicio do curso lévase a cabo unha xuntanza xeral de todas as familias do centro e de todos os mestres para falar sobre o aspectos educativos e de funcionamento do centro de interese (17 de setembro de 2019 ás 17:00 horas).

Ao remate desta xuntanza xeral, os titores teñen unha xuntanza coas familias do seu grupo para informarlles da planificación do ano escolar e publicitar a programación didáctica. A estas reunións poden asistir profesores especialistas a tratar algún tema específico.

As xuntanzas fixéronse o 17 de setembro a partir das 17:00 horas tratando de favorecer a asistencia do maior número de pais e nais, dada a importancia dos temas a tratar.

Ao longo do curso, de ser necesario, poderanse realizar outras reunións para tratar temas puntuais da aula en xeral ou de alumnos en particular.

Durante o curso recolleranse as propostas de cambio e mellora que suxira a comunidade escolar.

A finais do terceiro trimestre faise unha "Xornada de Portas Abertas" para que as familias que o desexan podan visitar o centro e coñecer as nosas instalación.

No caso de levarse a cabo do Plan Director, as familias estarán invitadas a participar nas charlas preparadas para eles.

## 16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

| Ruta | Nº de alumnos | Itinerario/Paradas |
|---|---|---|

| | transportados | |
|---|---|---|
| Ruta 1<br>Ruta 2 | Ruta 1<br>Ruta 2- 20 | • RUTA 1: San Simón<br>• RUTA 2:<br>- Pereiro<br>- Serantes<br>- Carballo<br>- A Torre<br>- O Rodo<br>- Barcia<br>- Fonsín<br>- Tirabao |

## 17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O servizo de comedor do CEIP Sestelo-Baión é proporcionado por unha empresa de catering e é xestionado pola ANPA. O seu horario é de 14:00 a 16:00 horas. A recollida dos alumnos realizarase desde as 15:30 ata as 16:00 horas.

Dentro do comedor anímase aos nenos a probar as comidas propostas cada día, pero non se lles forza nunca a comelas.

Todos os nenos que empreguen este servizo deben traer cepillo de dentes, vaso e pasta de dentes en neceser pechado e co nome visible de cada un.

Os pais sempre deben avisar cando veñen buscar o seu fillo para que os coidadores do comedor teñan a certeza dos alumnos que quedan e dos que xa marcharon.

As portas do colexio manteranse pechadas por cuestións de seguridade. Os pais terán que chamar ao timbre exterior para acceder ao centro.

En caso de imprevisto que impida a un pai ou nai chegar a tempo de recoller o fillo hai que chamar ao colexio para avisar de tal circunstancia.

Os monitores das actividades extraescolares que teñen lugar no colexio polas tardes recollen os nenos no mesmo comedor para, a continuación, levalos ás distintas aulas ou espazos das actividades.

Os nenos serán recollidos no hall de entrada do colexio ao remate de ditas actividades.

Só poderá acceder ao comedor o persoal do centro. Os pais e nais deberán agardar sempre fóra do espazo habilitado para o servizo.

O menú diario non poderá ser modificado a petición do usuario salvo prescrición médica debidamente informada. O servizo de catering non atende peticións individuais e

rexerase unicamente polas indicacións recibidas desde o centro que é o responsable da súa supervisión.

O número de alumnado asistente ao comedor é de 58 alumnos e alumnas, aínda que se poden cursar altas e baixas ao longo do curso dependendo de necesidades das familias.

## 18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

**Dentro do horario lectivo**

As diferentes aulas do centro non asignadas a un grupo-clase serán usadas segundo o horario especificado nas táboas que aparecen a continuación.

As sesión nas que estas aulas non estean ocupadas poderán ser usadas por outros mestres para impartir as súas clases, previa solicitude, tanto para todo o curso como de maneira puntual.

Con este fin, haberá a disposición do profesorado un horario mensual onde poderán reservar as aulas.

***Ximnasio***

Utilízase para psicomotricidade e educación física.

**Biblioteca**

Emprégase para impartir a área de VSC e AE. Cada titor pode dispoñer da biblioteca cando o estime oportuno, fixar unha hora semanal  ou ambas. Unha vez entre en funcionamento, o alumnado que o desexe o que o seu titor estime oportuno, tamén poderá asistir á biblioteca estando presente un membro do equipo.

***Aula de informática***

**Aula de plástica**

Emprégase como almacén para material funxible e para material específico de CCNN e matemáticas. Polo momento aínda non está en funcionamento.

***Aula de música***

Utilizada para impartir a área de música en educación infantil e en educación primaria.

**Fóra do horario lectivo.**

A ANPA, previa solicitude a dirección, emprega distintos espazos para levar a cabo as actividades xestionadas por ela.

***Servizos de xestión***

Utilizan o "hall" e o comedor en horas lectivas

***Servizos complementarios***

O comedor é utilizado nas comidas por 38 alumnos e alumnas fixos e algúns esporádicos chegando ata cerca duns 60.

***Actividades extraescolares***

***Plan Madruga***

Utilizado por 25 alumnos e alumnas fixos e algún esporádico.

## 19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

| Día | Actividade | Hora |
|---|---|---|
| **LUNS** | **Patinaxe** | 17:00 – 18:00 |
| | **Robótica** | 16:00 - 17:00* |
| | **Música e movemento** | 16:00 – 17:00 |
| | **Iniciación á música** | 16:00 – 17:00 |
| **MARTES** | **Informática** | 16:00 – 17:30 |
| | **Ximnasia rítmica** | 16:00 – 17:00 |
| **MÉRCORES** | **Capoeira** | 15:45 – 17:00 |
| | **Baile** | 16:00 – 17:30* |
| **XOVES** | **Inglés divertido** | 16:00 – 17:00 |
| | **Kempo** | |
| | **Lingua de signos** | 16:00 – 17:00 |
| **VENRES** | **Capoeira** | 15:45-17:00 |
| | **Piscina** | 16:30 a 17:15<br>18:45 a 19:30 |
| SÁBADO | **Patinaxe en liña** | **10:00 a 11:30** |

## 20. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

As área de libre configuración que se imparten no centro son:

- Medios de comunicación I en 4º.
- Medios de comunicación II en 6º.

Estas áreas foron autorizadas no curso 2015-2016 e son impartidas por América Ruel Mandayo no 4º curso de Educación Primaria e por David Paz Nóvoa no 6º curso de Educación Primaria.

## 21. PLAN ANUAL DE LECTURA

O proxecto lector do centro pretende establecer as liñas xerais para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, dando así resposta ao sinalado na Lei Orgánica de Educación. Este documento, centrado na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo, sitúase nun marco conceptual determinado, que entende a lectura como un acto de comunicación máis alá da pura descodificación do que está escrito, e estrutúrase en torno a

unha serie de obxectivos xerais e eixes de actuación (currículo, organización escolar, contexto familiar...) que interrelacionados entre si, constitúen un panorama xeral de actuación para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado.

Non debemos esquecer neste proxecto a estreita relación que existe entre ler e outros procesos intelectuais complexos e complementarios como escribir, falar e escoitar, que posibilitan a adquisición de aprendizaxes.

Por outro lado, cómpre a implicación dos diferentes membros da comunidade educativa na posta en marcha do proxecto lector, coa colaboración das familias como punto esencial.

- Medidas a desenvolver a partir do establecido no proxecto lector.

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Sesións de formación de usuari@s | Outubro | Todos | Equipo de biblioteca |
| Selección e formación d@s axentes de biblioteca | Outubro | 5º e 6º | Equipo de biblioteca |
| Apadriñamentos /amadriñamentos lectores | Abril | Todos | Todo o profesorado |
| Hora de ler | Todo o curso | Todos | Todo o profesorado |
| Conmemoracións das diferentes datas | Todo o curso | Todos | Todo o profesorado |
| Lecturas e dramatizacións. Xoves lector | Xaneiro | 4º,5º e 6º | Titor@s dos cursos implicados e equipo de biblioteca |
| Mochilas viaxeiras | Novembro | Todos | Todo o profesorado |
| Bibliopatio | Xuño | Primaria | Equipo de biblioteca |

## 22. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

Actualmente o equipo de biblioteca está formado por 4 mestras, a dinamizadora (e

titora de primaria), outras dúas titoras de primaria e unha titora de educación infantil.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Ana Leis Uriz | 4 horas | 1º Primaria |
| Nome equipo apoio/dinamización | | Nivel/Especialidade |
| María América RuelMandayo | | 4º Primaria |
| Covadonga Martínez López | | 3º Primaria |
| María JosefaVilladeamigo Lede ( Substituta: Carlota Mato Estraviz | | 4º/5º Infantil |
| | | |

- Horario:
  A biblioteca ábrese durante todo o horario lectivo. Nas horas establecidas para o equipo de biblioteca estará atendida polo propio equipo, no resto de horas estará a disposición do resto do profesorado para poder facer uso da mesma. Polas tardes o horario de apertura é de 16:00 a 18:00 horas, agás os martes.

| Horarios funcionamento biblioteca | |
|---|---|
| Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo | 8 horas |
| Horario de apertura en horario non lectivo. | De 16:00 a 18:00, agás os martes |
| Horario para a coordinación de biblioteca. | 4 horas |

- O CEIP Sestelo- Baión forma parte do Plan de mellora de bibliotecas dendo o curso 2018/19.
- O orzamento dedicado á biblioteca dende o centro educativo é de 1.500 euros.
- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Formación** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Mellorar o bo uso da biblioteca escolar** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Biblioteca escolar | | |
| **Acción 2** | Alumnado | | |

| | Temporalización | | |
|---|---|---|---|
| | 1º T X | 2º T X | 3º T X |
| **Indicador** | **Potenciar a figura do voluntariado como colaborador ou encargado da biblioteca** | | |
| **Responsables** | Alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria | | |
| **Recursos e materiais** | Profesorado e Biblioteca Escolar | | |
| **Obxectivo: Información** | | | |
| **Acción 1** | Colocación de paneis e expositores | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Manter informado ao alumnado do centro** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca e alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible e reciclable | | |
| **Acción 2** | Seleccionar coleccións relacionadas coas conmemoracións e unidades didácticas traballadas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Manter informado ao alumnado do centro** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Material bibliográfico funxible e mobiliario | | |
| **Obxectivo: Potenciar a colaboración do alumnado no uso da biblioteca como fonte de información e de lecer** | | | |
| **Acción 1** | Formar apadriñamentos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Realización de lecturas colaborativas.** | | |
| **Responsables** | Todo o alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Libros da biblioteca escolar e aportacións do alumnado | | |
| **Acción 2** | Realizar traballos de investigación relacionados coa PDI: "Mulleres na historia" | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T** X |
| **Indicador** | **Busca de información para a elaboración dun produto final** | | |
| **Responsables** | Todo o alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Bibliográficos, dixitais e material funxible. | | |
| **Acción 3** | Realizar contacontos e dramatizacións | | |
| | **Temporalización** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Emprega a biblioteca como escenario** | | |
| **Responsables** | Profesorado, alumnado e familias. | | |
| **Recursos e materiais** | Material bibliográfico, dixital e funxible. | | |
| **Acción 4** | Empregar a biblioteca como espazo maker | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Potenciación da construción creativa** | | |
| **Responsables** | Profesorado e alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible, mobiliario, recursos dixitais. | | |
| **Obxectivo: Creación de novos espazos** | | | |
| **Acción 1** | Crear recunchos funcionais para os distintos niveis e tipos de actividades | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Emprego de diferentes recunchos en diferentes momentos** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca e profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | A biblioteca escolar e os seus recursos | | |
| **Obxectivo: Renovación dos recursos bibliográficos** | | | |
| **Acción 1** | Realizar espurgo do material bibliográfico | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Facer unha selección do material útil** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Equipo de biblioteca | | |
| **Acción 2** | Catalogar dende cero os recursos bibliográficos e dixitais seguindo o sistema CDU | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Catalogar empregando o programa Meiga, polo menos 100 exemplares** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenador de biblioteca e programa Meiga | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 3** | Centralizar os recursos bibliográficos e dixitais do centro na biblioteca escolar | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Ter un listado actualizado de todos os recursos bibliográficos e dixitais do centro** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos bibliográficos e dixitais do centro | | |
| **Acción 4** | Ubicación de todo o material bibliográfico e dixital | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Ubicacións nos recunchos das aulas, recunchos do centro e nos recunchos da biblioteca escolar** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recunchos de lectura e material bibliográfico e dixital | | |
| **Acción 5** | Realización de préstamos axeitados ao alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Mellora da circulación de exemplares** | | |
| **Responsables** | Equipo de biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Aplicación Meiga cos recursos catalogados | | |

## 23. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

Seguindo a liña do establecido na normativa vixente para o caso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, terase en conta que estas encaixen na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Poderanse encargar aos alumnos e alumnas actividades tales como:

- Lectura e comentario de libros axeitados a idade do alumno ou alumna.
- Busca e recollida de datos ou materiais para a realización de traballos na aula.
- Lectura de noticias de prensa e audición de programas de radio ou televisión.
- Audición musicais.
- Realización de traballos de plástica.
- Tarefas de reforzo e revisión que poidan ser realizadas de forma autónoma polo alumno ou alumna.
- Actividades de estudo.

O tempo diario estimado para a realización de tarefas para cada nivel educativo non superará o seguinte:

- Para o 1º e 2º nivel, 20 minutos.
- Para o 3º e 4º nivel, 40 minutos.
- Para o 5º e 6º nivel, 60 minutos.

O equipo docente coordinarase para unha correcta distribución das tarefas ao longo da semana.

## 24. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL

- **. Constitución do equipo.**
  **Coordinadora:** María Inés Puga Viqueira.
  **Outros membros**: Miguel Ángel Janza Martínez.
  María Elisa Álvarez Barreiro.

- **Uso aula virtual Moodle. Especificar nº de materias e nº de profesorado que a usa.**
  O titor de sexto curso David Paz Novoa utiliza a plataforma en liña "Agueiro" nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais , Ciencias Naturais e Matemáticas, permitindo desta forma, que tanto o titor como o alumnado teña un papel máis activo na súa aprendizaxe.
  Un dos obxectivos nos vindeiros cursos será implantar de forma progresiva o uso desta plataforma no resto dos niveis.

- **Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.**

| **Obxectivo 1: Fomento e uso dos medios informáticos como ferramenta de traballo no centro** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza-aprendizaxe |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Emprego das TIC** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 2** | Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do centro: programacións, memorias, plans. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Emprego das TIC de forma habitual** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 3** | Utilizar o ordenador como medio de cooperación entre profesionais | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Emprego das TIC** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 4** | Utilizar programas e contornos de aprendizaxe que faciliten a integración das diferentes áreas do currículo. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Utilización dos recursos dixitais** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 5** | Adquirir e propiciar un uso responsable e seguro da Internet | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Emprega a rede de forma responsable** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 6** | Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, información e contacto entre todos os membros da comunidade educativa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | **Emprego do correo electrónico e páxina web** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **materiais** | | | |
| **Acción 7** | Utilización e desenvolvemento das TIC na xestión académica. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Apoio á dirección titular e pedagóxica, á secretaría e administración do centro.** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro e persoais | | |
| **Acción 8** | Formación e apoio ao profesorado no referente ao uso e manexo dos ordenadores, pizarras dixitais, proxector… | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Emprego dos recursos dixitais nas programacións, planificacións, correccións.**<br>**Utilización de software educativo** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro e persoais | | |
| **Acción 9** | Alfabetización TIC | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Coñecementos teóricos, prácticos e actitudinais relacionados coas tecnoloxías. Aprendizaxe do uso dos ordenadores e dos seus múltiples periféricos.**<br>**Utilizacións de programas de uso xeral para o alumnado.** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro e persoais | | |
| **Acción 10** | Aplicación das TIC no marco de cada área, materia ou ámbito educativo. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Busca de información mediante o emprego de programas informáticos** | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Obxectivo 2: Emprego das TIC en Educación Infantil** | | | |
| **Acción 1** | Iniciación nas TIC co alumnado de Educación Infantil | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Familiarizarse co rato**<br>**Pulsar e arrastrar para mover elementos**<br>**Pulsar o botón esquerdo para efectuar selección e executar acción** | | |

| | |
|---|---|
| | **Prender e apagar o ordenador de forma axeitada.**<br>**Seleccionar iconas do escritorio para executar programas no ordenador** |
| **Responsables** | Equipo de TIC e titores |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro |
| **Obxectivo 3: Emprego das TIC en 1º e 2º curso de Educación Primaria** | |
| **Acción 1** | Continuación no emprego dos recursos tecnolóxicos elementais<br>**Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Investigación mediante o uso de estratexias básicas de exploración e tanteo.**<br>**Coñecementos dalgunhas ferramentas básicas e o seu manexo.**<br>**Realización cos recursos dixitais de actividades de apoio, reforzo e perfeccionamento.**<br>**Curiosidade e interese polo uso das novas tecnoloxías**<br>**Utilización de forma eficaz, comprensiva e ética as tecnoloxías.**<br>**Emprego da creatividade e fantasía co uso de programas axeitados.**<br>**Emprego das tecnoloxías para ler, escribir e calcular.** |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores |
| **Recursos e materiais** | Recursos tecnolóxicos do centro |
| **Obxectivo 4: Emprego das TIC en 3º e 4º de Educación Primaria** | |
| **Acción 1** | Acceso ás TIC en xeral e a internet en particular<br>**Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Busca e selección da información de forma crítica e responsable.** |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro |
| **Acción 2** | Emprego do ordenador como medio de creación literaria<br>**Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Integración e cooperación para crear e expresar ideas.** |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro |
| **Acción 3** | Uso de programas e contornas que faciliten aprendizaxes nas diferentes unidades didácticas<br>**Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Adquisición de habilidades e destrezas elementais.** |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores |
| **Recursos e** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **materiais** | | | |
| **Acción 4** | Emprego das TIC para cubrir necesidades de apoio educativo de reforzo e de perfeccionamento. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Utilizar o ordenador de forma guiada e independente** | | |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores | | |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 5** | Adquisición de autonomía no traballo | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Emprego autónomo das TIC** | | |
| **Responsables** | Equipo TIC e todo o profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Obxectivo 5: Emprego das TIC en 5º e 6º de Educación Primaria** | | | |
| **Acción 1** | Acceso ás TIC e a internet para buscar información de forma crítica. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Procura de información e tratamento de forma crítica<br>Utilizar o ordenador como medio de integración, cooperación e expresión de ideas<br>Utilizar ás TIC na súa propia aprendizaxe empregando habilidades e destrezas propias | | |
| **Responsables** | Equipo TIC e titores | | |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 2** | Emprego das TIC para apoiar ao alumnado con necesidades, para ampliar coñecementos, enriquecer e ampliar os contidos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Realizar individualmente ou de forma guiada actividades de apoio, reforzo e perfeccionamento** | | |
| **Responsables** | Equipo TIC e todos os profesores | | |
| **Recursos e materiais** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro | | |
| **Acción 3** | Iniciación no programa de robótica en 4º, 5º e 6º de Educación Primaria | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Iníciase polo menos un curso no emprego de robótica integrada no currículo do curso (6º de Educación Primaria) | | |

| | |
|---|---|
| **Responsables** | Equipo TIC, Titor de quinto e a mestra de Artística. |
| **Responsables** | Todos os recursos tecnolóxicos do centro xunto a ferramenta proporcionada polo programa de robótica (conxunto de mbots) |

## 25. PLAN ABALAR/EDIXGAL

Non temos

## 26. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Educación ambiental | 1º, 2º e 3º trimestre | Todo o alumnado | Equipo de extraescolares a través dos obradoiros de fin de curso |
| Visita a un supermercado | 3º trimestre | Alumnado de _ Educación Primaria | Equipo de extraescolares |
| Merendas saudables | 1º, 2º e 3º trimestre | Alumnado de Educación Infantil | Equipo de segundo de ciclo de Educación Infantil |
| Obradoiros con materiais de refugallo | 3º trimestre | Todo o alumnado | Equipo de extraescolares |
| Gráficas das comidas do comedor escolar | 2º trimestre | Alumnado de 5º de Educación Primaria | Titor do grupo |
| Rutinas de hixiene | 1º, 2º e 3º trimestre | Alumnado de Educación Infantil | Equipo de segundo de ciclo de Educación Infantil |
| Identificación e regulación emocional | 1º, 2º e 3º trimestre | Alumnado de Educación Infantil | Equipo de segundo de ciclo de Educación Infantil |

## 27. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Segundo o establecido no artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia elabórase a addenda do proxecto lingüístico atendendo os seus apartados:

### 27.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Á enquisa enviada ás familias sobre cal era a lingua materna na nena ou neno responderon o 44%, e os resultados obtidos nesa porcentaxe de alumnado de novo ingreso en 4º de Ed. Infantil foron un 100% en castelán. Un 56% non respondeu á enquisa.

No alumnado de 5º e 6º de Ed. Infantil segue sendo o castelán a lingua vehicular e fomentarase o galego en igualdade de condicións para que adquiran as competencias básicas en ambas as dúas linguas, con actividades e estratexias de aprendizaxe concretas e indicadas pormenorizadamente nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto Educativo do centro o no propio Proxecto Lingüístico.

## 27.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

O EDLG tivo como obxectivo fomentar o uso do galego e conseguir un cambio de imaxe que dea prestixio á lingua galega, con sentimento de orgullo e identidade.

Baseámonos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Como aparecen recollidos no **Proxecto Lingüístico** do centro os **Obxectivos** cos que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega vén traballando e complementando:

- Valorar a lingua galega como parte do noso patrimonio cultural.
- Estender o uso da lingua galega desfacendo prexuízos e opinións negativas, tendo presente que os cambios son sempre lentos.
- Favorecer de forma paralela o uso das dúas linguas, tratando de corrixir a desigualdade social, reforzando a estima da lingua galega, promovendo unha visión moderna e útil en todos os ámbitos.
- Aplicar e transmitir a normativa do idioma galego fixada pola Real Academia o 12 de xullo de 2003 coas adendas posteriores.
- Mellorar e potenciar o uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

- Ter profesores galego falantes como modelos de referencia para o alumnado fóra das clases impartidas en galego.
- Coñecer, valorar e divulgar diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Integrar o galego no uso das TIC. Utilización de material didáctico de calidade para obter bos resultados.
- Fomentar no alumnado a motivación por coñecer, respectar e valorar a cultura propia, animando á súa participación . Usar metodoloxía motivadora para expresarse en galego.
- Facer un seguimento baseado na observación do uso da lingua galega.
- Planificar actividades e plans realizables.
- Divulgar unha imaxe moderna da lingua galega.
- Colaboración con outros centros de ensino, en diferentes niveis educativos e de distintas localidades, incluso a nivel internacional, na elaboración de actividades e proxectos, como en eTwinning, comunidade de centros escolares de Europa.
- Colaboración en actividades promovidas polo Concello ou asociación veciñal da parroquia.
- Avaliación anual das actividades e dos seus resultados.

Todos estes obxectivos estiveron presentes ao longo do curso nas actividades realizadas e que se detallan a continuación e que seguirán sendo traballados nos vindeiros cursos, pois como EDLG temos un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión das actividades de promoción da lingua galega no centro.

A valoración dos mesmos é positiva, tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado do noso centro e a dos outros cos que se colabora ou participa, tanto no ámbito galego como no estranxeiro mediante o programa eTwinning.

Debemos nomear tamén a valoración positiva da comunidade educativa do noso centro

polas actividades realizadas no pasado curso escolar.

Para a consecución dos obxectivos anteriormente citados, desenvolvéronse as seguintes actividades, organizando e promovendo a participación de todos os membros da comunidade educativa.

- **Actividades realizadas:**

O equipo de dinamización da lingua galega do CEIP de Sestelo-Baión leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso e colaborando e cooperando con outros equipos do centro, con outros EDLG doutros centros escolares e institucións, proxectos eTwinning, exposicións,….

Algunhas destas actividades repítense con éxito.

A continuación descríbense con detalle as actividades realizadas neste curso escolar, para as cales se solicitou financiamento a Consellería de Cultura e Turismo.

- **Exposición de "Recursos Naturais de Galicia".**

Un obxectivo do profesorado deste centro é espertar no alumnado a curiosidade e o interese por temas que van máis aló do día a día na aula. Por ese motivo o EDLG solicitoulle á **Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo** a exposición "Recursos Naturais de Galicia", que por medio de carteis informa de distintos temas relacionados co medio ambiente (distintos tipos de enerxías, materiais que se atopan na natureza, explotacións mineiras…).

Estamos agradecidos de que nos fixesen o préstamo durante todo o mes de novembro, mes da **ciencia en galego**, e decembro.

Situouse no primeiro andar do colexio.

https://coledebaion.wordpress.com/2018/12/15/recursos-naturais-de-galicia/

O **10 de xaneiro**, **José Santiago Pozo-Antonio, profesor da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo**, impartiu unha interesante **charla** para o alumnado de quinto e sexto de primaria acerca dos recursos minerais e do seu

aproveitamento.

https://bibliotecabaion.wixsite.com/bbaion/edlg

- **11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da nena na Ciencia.** O EDLG propuxo recursos para conmemorar esta data así como a realización dun gran mural a carón da biblioteca coa participación do alumnado.

  https://coledebaion.wordpress.com/2019/02/11/11-de-febreiro/

  Realizamos a solicitude de traer ao cole a **Exposición Premios María Josefa Wonenburger Planells**, onde o Goberno galego quere recoñecer as mulleres científicas de Galicia, mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e que abriron camiños a moitas outras. Foi concedida na segunda quincena de maio.

  No seguinte enlace do blogue reflectimos a invitación a toda a comunidade educativa e unha pequena reportaxe fotográfica de dita exposición.

  https://coledebaion.wordpress.com/2019/05/21/premios-maria-josefa-wonenburger-planells/



- **182º Aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. 24 de febreiro: Día de Rosalía.**

  Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, o 24 de febreiro, o EDLG propuxo este ano ao alumnado e as súas familias que colaborasen connosco decorando o rostro de Rosalía usando a súa imaxinación e creatividade (usando cores, materiais reciclados,…). Baixo o lema: **Rosalía de Castro: muller tiña que ser**, fíxose unha gran exposición por todo o espazo interior do centro, amplo e luminoso e visibilizando algunhas obras no exterior a través das ventás, portas, entrada principal,…,

agradecendo publicamente a participación das familias e alumnado.

Exposición virtual: **Rosalía de Castro, Muller Galega e Intelectual**

https://coledebaion.wordpress.com/2019/03/13/rosalia-de-castro-muller-galega-e-intelectual/

A exposición física estivo ata finais do mes de marzo.

- **8 de marzo: Día Internacional da Muller.**

Ofrecéronse recursos (por exemplo a documentación dixital da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega) e solicitouse a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia recursos educativos adaptados a idade das nosas alumnas e alumnos e carteis de campañas vixentes conmemorando esta data.

Xa polo tempo de Nadal dimos a coñecer no centro a campaña enviada pola Secretaría Xeral da Igualdade: Campaña Os Bolechas: "*Xoguetes para a Igualdade. Xogamos iguais. Os xoguetes non teñen sexo"*

Certo é que a celebración do **Día internacional da muller e da nena na ciencia (11 de febreiro), o aniversario de nacemento de Rosalía de Castro (24 de febreiro) e o 8 de marzo, Día Internacional da Muller** foron traballados durante o 2º e 3º trimestre onde o EDLG ofreceu recursos que preto desas datas foron ofertados por diferentes institucións, en formato físico e/ou dixital e recollendo e ampliando eses recursos que foron postos a disposición da comunidade educativa.

- **Proxecto enREDadas, ARTEspazo Autoestima**

**VI Edición Proyecto Exposiciones enREDadas**




Na edición **enREDadas 2019**, propuxemos participar en conxunto o **IES San**

**Clemente, o IES Leliadoura, o IES de Poio e o noso cole, CEIP de Sestelo-Baión** para a creación dun espazo artístico en cada centro.

Tema proposto: **ARTEspazo Autoestima**.

Temporalización:

- Febreiro, marzo, abril: o alumnado realizou os seus traballos.
- Maio: montamos os espazos, realizamos unha reportaxe fotográfica que foi enviada á coordinadora de Madrid.
- Xuño: a partir do catálogo xeral da exposición (creado pola coordinadora), *creamos o catálogo da nosa expo, en galego*.
- Foi inaugurada a expo o 19 de xuño no IES San Clemente de Santiago de Compostela. Expoñerase nos outros tres centros educativos.






**Dirección:**

**Ángeles Saura** (Universidad Autónoma de Madrid) con la colaboración de **Ricard Huerta** (Universidad de Valencia) y **Xelo Serrano** (Presidenta de la Federación de Asociaciones Profesores de Dibujo)

**Patrocinan:**

**GICE-UAM** (Grupo Investigación Cambio Educativo para la Justicia Social-Universidad Autónoma de Madrid), **CREARI** (Grupo de Investigación en Pedagogías Culturales, Universidad de Valencia), **Federación de Asociaciones de Profesores de Dibujo** (España).

Conta co patrocinio da **International Society for Education through Art** (InSEA) e está integrada no proxecto da **Universidade Autónoma de Madrid** **ARTEspacios** levado a cabo con motivo da **VIII Semana da Educación Artística UNESCO**, que reclama unha maior presenza da arte no ensino.

- **Proxectos eTwinning.**

Neste curso participamos en dous proxectos eTwinning:

**Letras Galegas 2019 – Antón Fraguas Fraguas**

**Ed Twinning, The Time Reporter**

En ambos proxectos participaron o alumnado de 5º e 6º.

No primeiro participamos na actividade de creación de marcapáxinas logrando un accésit.

**Letras Galegas 2019 - Antón Fraguas Fraguas**



Accésit: Claudia Maneiro Martínez – CEIP de Sestelo-Baión, Vilanova de Arousa.







https://twnspace.etwinning.net/76369/home

No segundo proxecto participamos en todas as actividades:

**Projeto Etwinning 2018/2019 Ed Twinning – The Time Reporter**

Foron coordinadoras: Delfina Casalderrey de Portugal e Ewa Michalek de Polonia

https://twinspace.etwinning.net/70806/home

O obxectivo foi a través de entrevistas colaborativas con personalidades famosas vinculadas a diversas áreas como Literatura, Música, Arte, Ciencia, para entender a importancia do legado europeo que se acumulou ao longo do tempo coa axuda destes homes e mulleres que deixaron as súas obras e transformaron as nosas vidas. As personalidades seleccionadas polos socios foron entrevistadas por Ed Twinning, un xornalista que viaxou nunha máquina do tempo. Os estudantes traballaron e aprenderon a facer entrevistas, investigar e seleccionar información importante. Tamén foi un xeito de traballar a cidadanía e os valores europeos e os mozos entendían as semellanzas e as diferenzas entre os seus países e os dos seus compañeiros de traballo. Crearon un blog para coñecer as súas entrevistas, construíron unha máquina do tempo e elaboraron outras obras interesantes e creativas.

**Idades: 10/15anos**

**Número de estudantes: >100**

**Idioma: inglés, galego, portugués.**

Disciplinas: Historia, lingua estranxeira, portugués, ciencia, artes, cidadanía, … Ferramentas de comunicación: correo electrónico, twinspace, blogue, foro, ferramentas, web, fotos, imaxes, debuxos, enquisas en liña,...

Con este proxecto preténdese que o alumno desenvolva a formación en comunicación escrita e oral, non só na lingua materna senón tamén nunha lingua estranxeira, cidadanía, expresión cultural e artístico e TIC. Os alumnos compartiron as súas “entrevistas” nun BLOG que é visible no Twinspace. Tamén presentaron outros textos e obras, compartindo información sobre o seu país en diversas áreas. Buscaron conexións, semellanzas e diferenzas, creando varios traballos de colaboración cos compañeiros. Como futuros cidadáns, reflexionarán sobre os valores europeos, a identidade europea e importancia da sociedade multicultural. Na súa investigación sobre países socios aprenderon a usar ferramentas web, presentar e compartir traballos e opinións.
Aprenderon o importante que é non só colaborar no traballo cos compañeiros, senón o produto e a avaliación das distintas actividades.



- **LETRAS GALEGAS 2019 dedicado a Antón Fraguas Fraguas (Loureiro, Cotobade, 1905 – Santiago de Compostela, 1999)**

  Recursos e Actividades para todos os niveis do centro celebrando un *gran mes das letras*:

- Publicitación das actividades e recursos ofertados pola Real Academia Galega e a Deputación de A Coruña na web da Primavera das Letras.

  http://primaveradasletras.gal/.

As unidades didácticas da Fundación Antonio Fraguas Fraguas http://museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Antonio_Fraguas_Fraguas.pdf

Actividades do Seminario Galán

http://www.seminariogalan.org/

Ficha didáctica e díptico informativo do Portal da Lingua

http://www.lingua.gal/c/portal/layout?p_l_id=1639661&content=promovelo/contido_367.html

- Participación no *concurso de marcapáxinas dentro* do proxecto eTwinning mencionado anteriormente.
- Publicación das actividades nas páxinas dixitais do centro, na pantalla de tv do cole, nos taboleiros,…
- **Exposición** de empréstito do **CEIDA**, **Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia** : ***Galicia, Conservando a natureza***

https://coledebaion.wordpress.com/2019/06/03/galicia-conservando-a-natureza/.



Esta nova exposición de empréstito consta de 22 paneis de 100 cm ancho x 200 cm alto que expuxemos na 1º planta. O período de visita foi durante dúas semanas en xuño e os portes de transporte, carga e montaxe foron á cargo do EDLG. Esta exposición estivo aberta a toda a comunidade educativa. **Intervención artística no**

**espazo central do cole.** Realización dun gran tendal con roupa impresa en *galego* coas frases coas que o alumnado de 6º curso queira identificarse, reivindicar, lembrar ou expresar, temporalizado no mes de xuño.

Realización dos traballos plásticos dentro do proxecto enREDadas.

